

Lento esvaece o tempo

Ricardo Martínez-Conde

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

MARTÍNEZ-CONDE, RICARDO (2011 [1990]). *Lento esvaece o tempo*. S. l. (impreso en Vigo por Agencia Gráfica Gallega): s. n.(edición de autor). Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/958>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

MARTÍNEZ-CONDE, RICARDO (1990). *Lento esvaece o tempo*. S. l. (impreso en Vigo por Agencia Gráfica Gallega): s. n.(edición de autor).

* Edición dispoñíbel desde o 24 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



Ricardo Martínez-Conde

**LENTO
ESVAECE
O TEMPO**



Prólogo de Marino Dónega

RICARDO MARTÍNEZ-
CONDE está doutorado en
Filosofía pola Universidade
Complutense de Madrid.

Recentemente acadou o
premio BENASQUE de Poe-
sía co libro “Aldariz”, de pró-
xima aparición.

Ricardo Martínez-Conde

LENTO ESVAECE O TEMPO

Prólogo de Marino Dónega

LENTO ESVAECE O TEMPO
© RICARDO MARTÍNEZ CONDE
Imprime: Agencia Gráfica Gallega
I.S.B.N.: 84-404-7887-9
Dep. Leg.: VG. 410/90

PRÓLOGO

Ben mirado, se algunha cousa non precisa de xustificación esa non pode ser outra cá poesía. Porque é ou non é. E a súa presenza xustifícase por sí mesma. Dixemos presenza, sí. Pero coa presenza apuntada quere-mos aludir á existencia dun traballo que, como tal, en-xendrará unha técnica. Unha técnica poética, claro é. Que non pode ser outra cá que leva ó poeta á transformación de que viviu nun todo que, coma dixo Dilthei, só existe na imaxinación do ouvinte ou do lector, que enxendra ilusión e produce, pola enerxía sensible do complexo de imaxes, un forte contido emocional, un significado para o pensamento e, por outros medios menos acaídos, unha satisfacción duradeira.

Por eso Martínez-Conde indaga, pescuda, imaxina e móvese nuns “momentos valeiros” para desexar, e desexa por todos nós, o coñecemento “da orixe” daquel “que nos puxo preto dos nomes”. Porque Martínez-Conde sabe que sen nomes non hai existencia. Só falamos e sentímo-lo que coñecemos por teren nome. Por eso poéticamente apunta que vedrañas preguntas non foron despexadas polos primeiros deuses. ¿É de lamentar? Diránolo poéticamente sinalando como escenario unha illa que “desoe a forza do mar”, para afirmar que

Alí, na lentitude da rocha

*é onde o entendemento desexaría un criterio
do que a illa suxire.*

Pero desiste o poeta de atopa-lo criterio buscado,
e limitase a suliñar esa ignorancia, alucando como

Pasan, altos, paxaros sen nome.

O poeta, o noso poeta, ten sen dúbida a súa materia poética nunha vivencia que expresa, transformada sentimentalmente xeneralizada, para o coñecemento comprensivo dos demáis. Pero tampouco descoñece que uns poucos xermolos existentes chegarán a madurecer.

A vivencia do poeta transforma o vivido nun todo que enxendra ilusión e un forte sentido emocional que “ven dende a xorda melancolía, dende o tempo”.

O xenio entrégase ós obxectos sen considera-la súa utilidade, desinteresadamente. A creación mesma é a súa actividade

Do rio, da noite naceu a néboa.

*Sombra sobre a presunción de sombra progresiva
do outono; as árbores, sen a luz dos paxaros,
semellan homes.*

Vén cara a nós; está sempre con nós. Por eso que o obxecto teña que emocionar, ter realmente un sentido comprensible pola reflexión. Isto é o que esquecen a miúdo algúns artistas actuais, como fixo notar o propio Dilthei.

O poéticamente significativo aparece raro e fuxidío, máilo poeta reteno, está á espreita. Reteno. E mirando cara atrás agarda que “o neno” medre ó medralo bosque

*...onde a auga
é libre.*

Pero tamén para que saibamos que
*as súas palabriñas ó ar,
preto do mar,
nacerán máis fortes.*

O poeta volve en sí, pónse en situación de espera, e a todos manda unha mensaxe de ledicia e de optimismo. O poeta sabe, e fáinolo saber a todos, recordándonolo, o que ten validez xeral para que o sentimento nunca estea envilecido

...para el,

para nós,

Martínez-Conde nova voz poética, achégase a nós por primeira vez con soberano acerto. Trae a cabo nosa a imaxinación, intelixibilidade, vivencias e sentimentalidade, fitos seguros da lírica galega. Camiño certo e claro da tradicional lírica galega.

Marino Dónega

SE pretendese revivir cánto me supuxo o mar,
cánto durou o seu apaixonado dominio
nos meus desexos,
non sería suficiente a fraxilidade dun só abril
para dicilo.
Inda hoxe,
lonxe del,
o pouso do seu nome,
que conformou xa os meus sentimentos,
reaviva chamas,
renova a asunción de esperanzas sutilísimas
(tanto, que ás veces me parece que as envelleceu)
Agora,
como antes,
pouco importa a súa natureza fría,
a súa inesperada vinganza.
A miña única pregunta é cómo,
cómo
sen o mar.

PRÓXIMO o mar, as rosas viven
enriquecendo a elegancia
de tantas horas firmes.

Mañá, con outra flor concordante
darán a primavera.

A herba fría chegoulle a luz,
a afirmación dos primeiros días:
o tempo de primavera xa nos nutre.
A gaivota foxe, foxe e volve.
Maduran con transparencia as follas.
Desátase o río...
(O camiño, calquera camiño,
é agora máis persuasivo)
Os barcos
remozan os seus nomes
en terra firme,
ceden a súa axilidade e dureza:
roxo, branco, azul... remontan
pola súa caducidade.
As igrexas, como o tempo,
permanecen mudas.

A cada instante atravesa o ar novo.

Transparente corre a luz
que acada o mar
preto da noite.

Verán é, que resucita.

A mañá
entra no loureiro
e expón a dureza das follas,
o silencio do seu crecemento.
(Aquí reside
parte da miña paisaxe familiar,
dos hábitos nos que vivín)
Ata el chega o merlo
cheo de iniquidade:
un merlo duro, limpo,
dono da transparencia do ar
que se creba
acrecentando os dons
do orgullo anunciador.
Novo día proclama, altivo,
e foxe.
Novo día para o outono novo.
Logo a mañá xa será fugaz,
como a morte.

DO río, da noite, naceu a néboa.
Sombra sobre a presunción de sombra progresiva
do outono; as arbores, sen a luz dos paxaros,
semellaban homes.
A lenta ameaza era fermosa, febril, muda.
As mans comenzaban a recordar
o lume de outro outono.

A perennidade acompaña ó ceo cambeante
de onde a árbore recibe os seus dons.

Semella a un outono anterior, cheo de nostalxia.

A virtude, entón, radicaría na proximidade ó silencio,
valeiro como vai aínda de memoria.

Nun lugar pequeno como este, de casas manuais,
xa se sabe que poucos son os que voltan;
agás o outono, natureza de memorias.

N O inverno
circunscribo a miña defensa
Ó amparo de estar só.
Así gardei canto de valor puidera ter:
afinidade ó lume,
unión a aqueles que reflexionan
sobre a morte.
Nas outras estacións vou sendo lentamente
e gardo do sol e da choiva xeneradores
a esencia da súa memoria. É entón
cando traslado parte da miña capacidade
de persuasión
ás paixóns que xa non serán leviás:
a memoria de mín,
a actitude,
o medo disfrazado da miña individualidade
que, case afogada, vaga
polo transcurso negro do tempo.

In memoriam

ESCASA vai se-la traza que quede,
o lugar de referencia a onde,
en soedade e baixo choiva de mar,
acudirá aquela que quixo amarme.
O seu paso nervoso, estou seguro, despertará
o meu sono
cando duras froles de inverno
decidiron vivir sobre o meu lombo,
sobre a terra que deu o frío maior
o meu corpo.
Sóa,
sen máis compañía que seu corazón valeiro
estará ó meu lado có amargo silencio
de quen amasou con estraña certeza
a realidade das cousas.
Túrbame o pensamento da súa compañía,
túrbame que acuda un día alí
onde só o silencio poderá falarlle.

EXISTE xa unha clara connivencia entre a luz
esgotada do día e a presenza do frío. Algo
nos irá aproximando, inesperadamente, á pedra,
á súa dureza, ó seu silencio firme.
¿Virá do mar o inverno presentido?
¿Qué haberá de cambiar?
¿En que haberemos de reforzar unha fe
nunca sentida con apaixonada convicción?
Non tardará, de seguro, en anicarse a lenta memoria
preto do lume.
¡Con que perfección se pensa a noite!

RARAS veces se acompaña o amor de canto pensamos ás súas expensas; non só cando, co inverno, se lle esperaba maduro e transixente, libre de inconstancias, senón aínda despois, cando o froito compre a súa estricta responsabilidade dende a terra e o ar, alto e morno, nos leva a reclamar beizos vigorosos. Cada vez que, ó seu libre albedrío, chegou, é un o que somete as súas reflexións pasaxeiras, aquelas que nos levaran a pensar con heroísmo nos exíguos recursos da vontade propia. Por eso a súa chegada non fará senón perpetúa-las novas incertidumes para outras estacións, para outro tempo en que, ignorados, volvamos a ser.

ALÍ non quedou máis que sombra,
delgada e dura agora, no inverno;
Alí: onde un día houbo desvarío,
engano da paixón...

Hoxe, confío
que no teu silencio
garde-la tenrura á que un día me entreguei;
ou quizais non,
quizais só garde-lo aroma dunha mañá

O amor é un lóstrego sen nome.

PAZ na pedra.
Frío nas arbores.

¿Todo voltará a seu?

As gaivotas danlle a espalda ó ceo.

NON podería maxinar rochas duras
como símbolo de constancia, pois desfanse,
nin amores que non chegasen a alterar
o transcurso dunha vida.
Ó límite de perfectas incertidumes
cáseque acado coñece-las cousas
que forman parte de mín:
elas decataranme de caer na fragilidade
de quen, secretamente,
anceia virtudes nos outros.

A Celso Emilio.

O tolo.
A noite.

Longo mar
—ahí mesmo, preto de min—
remexido polos ventos do inverno.

Longa noite de ferro
para quen dubida

A música clarexa algunha permanencia
considerada necesaria:
o estilo da auga,
o sometemento a unha relixión;
os sentidos que oen son favorecedores.

Natureza e sentimento cumpren o seu destino lonxano,
enchen os seus significados.
Quen atende, quen oe, é debedor,
alixeira e limpa o seu vínculo
á terra indiferente.

Soamente pesa o fráxil silencio.

ALÍ de nada careceremos:
na beira están os froitos,
na proximidade do bosque a virtude.
O sol alixeira a terra e dá calor;
a auga renova a camelia
e abrevia as graves preocupacións.
Na casa,
onde existe un lugar para o lume,
alí amenceremos.

Non,
non foi en van o tempo
en que nos retiveron as dúbidas.
Alí,
case ó amparo de canto o tempo nos oculta,
finxidamente nos amaremos.

A convicción do amor non é abondo.

DIALOGAN baixo a claridade de xuño,
cando a auga crece e o merlo tensa a súa negrura.
Son signos para o equilibrio e a victoria,
mais o amor esixe aínda o ideal desasimento,
a forza da tenrura.

Corre branco, entre cristais, o verán,
sen mais premonición que a do tempo.
A gaivota,
o desacougo no fuxir da auga,
a fraxilidade da inocencia
son símbolos de dúbida:
¿quén fortalecerá o corazón?

P REGUNTAR onde está a beleza
sería innecesario,
innecesario.

Así é, en parte, o que é real.

EXILIO é a obriga por non gardar silencio,
por non calar aquelas obviedades
que impedían crecer ó pensamento.
Só o tempo foi capaz de transformalo en don,
en recurso inesquecible da soidade.

O S meus sentimentos foron firmes na casa de pedra.
Conciliando as dúbidas nun tempo
que parecía cargado de indiferencia,
cheguei a coñecer
lentamente
moitos dos meus verdadeiros desexos.
Viñeron as estacións sobre a miña ignorancia
e funas dispoñendo na memoria,
procurando que o balance fose un pouso
de sospeita e aceptación.
Ó amparo do lume
acadei pequenas filosofías de uso persoal,
renovando outras como tributo do pasado.
Creceu a herba e deron froito as árbores;
indefinidamente foi distinto o mar,
en quen puxen con firmeza as miñas conviccións.
Alí, con aspecto formal,
alimentouse tamén a idea da morte.

AS mans nas tarefas infindas do costume.

As fenestras pechadas.

As forzas da soidade
perdidas
naquelo que ollamos e non ollamos;
naquelo que somos e non somos.

INDA naquelo que non teño
—como o silencio da cinza,
a dureza da herba no inverno—
estará a memoria de min
E non para a miña sorte,
senón para a necesidade daqueles
que prefiren definir
segundo o pasado.
O malo é que desas certidumes
veñen en deducir
canto existe e perdura,
non querendo dubidar,
fuxindo da sorpresa do que non foi
aínda.
Ó cabo,
baixo sospeita de eterna convicción
—dado que substituí-la creación é imposible—
canto non sexa lei dirán que é eterno.

Na morte dun amigo

LIBRÉMONOS da felicidade,
dos actos impunes do tempo
cando alarga os seus dons
sospeitosos
ata incluírnos no seu seo.
Un pródigo mar,
incerto,
e o rubio insinuado do froito
conservan a indecisión,
preveñen das verdades sempre claras,
exentas e dogmáticas.
Liberándonos da vergonza de saber
evitarémo-la iniquidade do optimismo.
Un día calquera, xa o ves,
só a terra será real.

NOS libros é onde nacen a paisaxe,
a muller,
as concepcións filosóficas.
Neles puxen gran parte da miña vida
para, con adicción, gaña-los seus froitos,
máis doados ca aqueles nados
baixo sospeita, ó amparo
de hipócritas asentimentos.
Non será, ben o sei, grande
a dita nin extensa a convicción,
mais a fraxilidade de canto acade
terá a beleza do perecedeiro.

A noite camiña con sabia lentitude
ata onde ela sabe.
Eu, nembargantes, que axudei a face-lo mundo,
nin sei cando chegarei,
nin sei a onde chegarei.

Nesta cidade de pedra primitiva
madura comigo a fatal monotonía.

O neno

QUE creza
ata o bosque,
onde a auga
é libre.

As súas palabriñas ó ar,
preto do mar,
nacerán máis fortes.

Que viva
e durma
na difícil sinxeleza
daquelo que non dura.

Que nada signifique tanto
coma o esquecemento e a harmonía:
para el,
para nós.

ACASO non sexa o tempo como tal,
carente de sustancia,
quen amedoñe o noso corazón,
senon a súa vitalidade de segredos
que nós transformamos en sospeitas

U NHA vez máis
haberá de prevalece-lo dominio da noite,
a ironía da morte da luz.
Baixo ese dominio será posible unha parte do amor,
un asomo de relixión, un pouco do poema.
¿Estaba implícita a firmeza da noite
na sombra da herba, alí onde o mar
se transforma e ameaza?
Xa estaba implícita a súa sombra, a pesares do cal
todo corazón desexa ser sorprendido
indubidablemente.
por esa sospeita de pecado.

TODO hábito preciso resgardou unha familia
onde xesto e diferenencia se definen
polos seus sucesores, suficientemente significativos
como para perpetua-los seus intereses, o seu apelido,
o lugar onde habitaron e morreron.
E, co tempo, só xesto e diferenencia
distinguirán aquela estirpe:
o seu arranxo,
a súa desvinculación,
a súa alegría.
Non a un deles,
el ou ela,
distintos pola fecundidade ou a maldade,
senón unha estirpe enteira
que vive como un día de sol
e se extingue.
Unha estirpe que viviu para afasta-lo
dominio do tempo,
para burlalo inxenuamente.

MUNCH: o berro

COMO unha sombra,
a cada volta do tempo
o que agarda son os límites.
Así me pasa cando espero o sol
nun domingo agre
(un domingo fondísimo
con só unha fiestra,
muda,
esperando o inverno).
Contribúe a aillarme
canto sei que crece
e cambia,
pois coñezo a súa pretensión de reducirme
a un ángulo frío.
Nun momento de vacío
os límites chegan incluso
dende a luz.
E o tempo aí,
mudo,
como sombra sin límite.

SONARÁ o relóio
mais a nosa impossibilidade
terá que ser eterna

PESADA ferruxe dos días.

O tempo paso a paso, lentamente, estricto.

O cumio do minuto nunca chega dunha forma plena,
entregada: sería alí onde, libres as mans,
poidésemos ollar un mar como de outono.

O frío metálico que o tempo non quixo verter
na fecunda natureza

—mirto, loureiro, río—

acomodouno nunha das sombras
que algúns chaman soidade:
lonxanía do corazón.

A cidade non cambiou, continúa
baixo a mesma forma de pedra,
baixo a súa tradición consciente.
As mesmas cruces detentan o duro símbolo
e os mesmos cristais reflexan un sol similar
ó que habería na miña ausencia.
¿Que é, entón, distinto agora,
agora que vivo de novo no lugar que me era común?
¿Non foi aquí onde reparei
sobre a vixilancia das horas,
sobre a inefabilidade do tempo?

O vento e o tempo pasan unha soa vez
ferindo coa súa indiferencia
os sentimentos inestabeis.

O mar é o dono cando se erguen os barcos
e nós seguimos quentando as mans valeiras,
veciños como somos da reflexión
trascendente.

¿QUÉN podería eximirse da influencia da choiva?:
dende o fondo das árbores, dende a pedra,
dende a sospeita dos que nos sorrín vén.
Pero tamén dende a sombra do mar,
dende algunha connivencia do vento de lonxe;
vén dende a xorda melancolía, dende o tempo.
Un bronco argumento garda na súa natureza de aparencia
dúctil, e unha feble brancura enxendrouna.
Vén sempre cara a nós: está sempre en nós.

A auga
ignora o circulo mortal
que estreita.
En descenso
aberto como dubida
remexe
naquelo que chamaron
o tempo.
Así,
mentre-los rezos confirman o outono
a choiva consentirá
a luz precisa.

ALGUÉN contibuíu a distingui-la orixe
sobre a que dubidei; alguén, que gardou silencio,
invertiu a certidume
perdéndonos na falsa paz perfecta.

A pedra e o home dende entón sucedéronse
—a mesma pedra, o mesmo home—;
a auga elaboróu con paciencia fría a destrucción.

Os sucesores, desasistidos como noite,
finximos, barallamos, educamos unha idea do tempo.

A noite
coas estrelas frías
chegou.

Agora só quedamos nos:
ela e mais eu.

A rocha que mira a occidente foi a referencia
daqueles que non quixeron agardar máis.
Cheos de dura vontade alonxáronse
fundindo risco e beleza difícil de describir.

Agora ferirá o mar os ollos dos que esperan
e non voltarán
ata que un día, na unidade que constitúe
o dominio do tempo,
cruzarán de novo o mar familiar.

¿Non é voltar o signo de todo aquel
nacido de muller?

EN momentos valeiros
o que desexamos é o coñecemento da orixe,
aquel que nos puxo preto dos nomes.
Antergas preguntas que non despexaron os primeiros
deuses.
¿Lamentación?

A illa desoe a forza do mar.
Alí, na lentitude da rocha,
é onde o entendemento desexaría un criterio,
unha convicción do que a illa suxire.

Pasan, altos, paxaros sen nome.

ESTA tarde amarga de domingo
abaterá en sololoquio.
Outras veces foi así,
cando a luz viña avolta dende o mar;
a memoria, cos nomes en desorde,
orizábase perante as nubes vivas:
era unha perfecta soidade, alta,
lembrando paso a paso o tempo,
a inexpresiva lentitude da morte.

“Quedei sorprendido moi positivamente da súa profunda naturalidade, da súa traballada sinxeleza —algo sempre arelado para todo poeta—, do seu eco nostálxico e acento metafísico —quero dicir, vivido cara adentro—. Todo moi ben resolto na consecución dun clima sobre todo captado a partir do poder suxeridor que transportan as imaxes. A memoria, a pedra, o tempo, a auga, metáforas de nós ó fin e ó cabo, son nestes poemas motivos estruturadores —recurrentes— que emprestan a unidade necesaria de voz ó seu conxunto”

Xesús Rábade Paredes